

Concello de Oza-Cesuras

DON JOSE C. SANCHEZ PRESEDO, SECRETARIO INTERVENTOR DO CONCELLO DE OZA - CESURAS

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día once de marzo de dous mil dezanove, adoptou o acordo que literalmente se transcribe:

**“APROBACION DAS BASES QUE REXEN O CAMPAMENTO
“CONCILIANDO NA SEMANA SANTA: IV MAÑAS EN VERDE” 2019:** Vistas as bases que rexen o Campamento “Conciliando na semana santa: IV Mañás en verde” 2019 nas que se regula a convocatoria pública para as actividades de conciliación nas vacacións de semana santa 2019 deste concello, que tradicionalmente se ven celebrando para o desenvolvemento de políticas de igualdade entre mulleres e homes e loita contra a violencia de xenero.

Tendo en conta que o orzamento máximo previsto para o desenvolvemento do citado Campamento ascende a 990,00 €. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade de todos os membros presentes na sesión acorda:

Primeiro: Aprobar as bases específicas que regulan estas actividades e que de seguido se transcriben:

“ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN NAS VACACIÓNS DE SEMANA SANTA 2019

BASES QUE REXEN O CAMPAMENTO “CONCILIANDO NA SEMANA SANTA: IV MAÑAS EN VERDE” 2019

1) OBXECTO

O obxecto destas bases é organizar o desenvolvemento das actividades de conciliación nas vacacións de semana santa 2019 denominado “Conciliando na semana santa: IV Mañás en Verde”, para proporcionar unha alternativa de lecer saudable mediante a realización dunha ampla variedade de actividades de carácter educativo, lúdico e deportivo durante o período de vacacións de semana santa 2019 dos nenos e nenas, ademais de contribuír á conciliación da vida familiar e profesional.

2) DESTINATARIOS

O Campamento 2019 “Conciliando na semana santa: IV Mañás en Verde”, está dirixido a nenos/as con idades comprendidas entre os 3 e os 14 anos empadroados no concello.

Excepcionalmente, no suposto de que quedasen prazas vacantes, poderán participar nenos/as con idades comprendidas entre os 3 e os 14 anos empadroados noutros concellos.



Concello de Oza-Cesuras

- 3) DESENVOLVEMENTO CAMPAMENTO “Conciliando na semana santa: IV Mañás en Verde” 2019

Prazas: O número máximo previsto de participantes é de 30 nenos/as

Se non se acada un mínimo de 14 participantes non se levará a cabo a actividade.

- 4) **DATA, HORARIOS E DURACIÓN**

O Campamento “Conciliando na semana santa: IV Mañás en Verde” 2019 levarase a cabo durante días 15, 16, 17 e 22 de abril de 2019 en horario 9:00 a 14:00 horas conforme o seguinte detalle:

- . 9:00 horas: chegada dos nenos e nenas e presentación das actividades
- . 9:15 horas: inicio das actividades
- . 11:15 horas: merenda
- . 11:45 horas: continuación das actividades
- . 13:45 horas: recollida, avaliación e despedida

- 5) **LUGAR DE CELEBRACIÓN**

O Campamento “Conciliando na semana santa: IV Mañás en Verde” 2019 desenvolverase principalmente no edificio de servizos múltiples sito en Lois, nº 33 - Oza. Porén, poderán realizarse actividades noutros emprazamentos, así coma excursións (coa correspondente autorización expresa do pai/nai/titor/a)

- 6) **COTA DE PARTICIPACIÓN**

40 euros por neno/a.

Non obstante os nenos/as empadroados en OzaCesuras terán unha bonificación de 20 euros (prezo final: 20 euros).

O xustificante do pagamento da cota de participación na conta bancaria designada polo concello achegarase coa solicitude de inscrición.

- 7) **LUGAR E PRAZO DE PREINSCRICIÓN E, NO SEU CASO, PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN**

O prazo de preinscrición, que se anunciará na web do concello, comezará o día 1 e finalizará o 5 de abril (ambos inclusive).

A **solicitude de preinscrición** para poder participar nestes campamentos poderá presentarse presencialmente en calqueira dos rexistros administrativos municipais (Lois, 33 – sede Oza- ou Forte Bragade, 1 – sede Cesuras -), cubrindo o formulario dispoñible na web do concello ou ben de xeito telemático mediante o modelo de solicitude xeral dos procedementos normais da sede electrónica do concello (<https://ozadosrios.sedelectronica.es>) achegando á mesma o formulario de solicitude dispoñible na web do concello para a realización deste trámite.



Concello de Oza-Cesuras

Unha vez rematado o prazo de preinscrición, e sempre que se acade o número mínimo de 14 participantes se abrirá o prazo de solicitude de participación, do que se informará previamente mediante anuncio publicado na páxina web do concello (www.concellodeozacesuras.es), para que os preinscritos formalicen a inscrición e acheguen xustificante do pagamento da cota de participación na conta bancaria designada polo concello.

A admisión será por rigorosa orde de preinscrición en calqueira dos rexistros municipais indicados de conformidade co establecido na cláusula segunda.

Non obstante, se ao remate do prazo de preinscrición e presentación de solicitudes se superase o número mínimo establecido de participantes, poderán admitirse novas solicitudes ate que se cubran o total de prazas previstas.”

Segundo: Efectuar a convocatoria pública do Campamento “Conciliando na semana santa: IV Mañás en Verde” 2019 de Oza- Cesuras, mediante anuncio que se publicará na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello.”

E para que así conste, expido e asino a presente, coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, de orde e co visto e praxe do Alcalde, en Oza – Cesuras, na data da sinatura electrónica.

V. e Pr,
O ALCALDE

O SECRETARIO